



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

## ACTA Nº 2022/5

### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### - CASA DO CONCELLO, VENRES 17 DE XUÑO DE 2022 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

#### **ASISTEN:**

Santiago M. Toba Campaña  
Javier Romar Alvarelos  
Olalla Benlloch Lema  
Mónica Vilela Vilela  
Manuel Caramés López  
Sandra Vilela Lagoa  
Javier Lema Suárez  
Sofía López Simón  
Carlos Fernández Concheiro

#### **Ausentes:**

Tania Romero García  
Irma Lucía García Barcia

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

#### **ORDE DO DÍA**

- 1.- Aprobación acta sesión anterior
- 2.-Recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2022
- 3.-Dar conta decretos Alcaldía do 10 de marzo ao 10 de xuño de 2022
- 4.-Control órganos de goberno. Rogos e preguntas.

#### **1.- APROBACION ACTA SESIÓN ANTERIOR:**

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

#### **2.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2022**

A Secretaria manifesta que todos os grupos e non adscritos teñen copia da proposta neste punto, dictaminada de conformidade pola Comisión de Contas.

Iníciase o debate coa intervención da voceira do PP, Dña Sandra Vilelea: " Absterémonos xa que hai un informe de intervención rotundo, manifestando que non se cumpriu coa LCSP, que hai facturas sen contrato, de que vostede contrata a quen quere incluso con informes en contra da Secretaría municipal. Todo isto é froito da súa improvisación. Esas



**CONCELLO DE MUXÍA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

persoas levan meses sen cobrar, hai facturas impagadas por máis de 180000€, hai provedores que non queren traballar para o concello, pois vostede non paga, o que nunca pasou neste Concello. Vostede ten coñecemento dos procedementos administrativos e non fai caso pese a que se lle advirte desde fai tres anos. A súa improvisación e unha pésima xestión.”

Intervén a continuación o Sr Calos Fdez (BNG): “O informe da intervención é demoledor, manifestando os problemas que ten a súa forma de dirixir o Concello. Debe plantear facer procedementos de contratación e non os fai. Fai caso omiso aos informes e remarcou un tema que menciona no informe a interventora e polo que eu xa preguntei que é o tema de mantemento das redes sociais do concello. Esa empresa está sen contrato, sen seguridade respecto ao uso de datos persoais e elo é moi grave. Tamén penso que isto non vai ser o único reparo de aquí ao remate da lexislatura porque non sei como se contratou a festa dos maiores ou a festa do congreso. ¿ con que procedemento o fixo?. Isto é un tema moi grave que pode xerar responsabilidades e non podo votar a favor. Tampouco o farei en contra, abstereime porque quen é responsable da xestión será tamén responsable da súa aprobación.”

A continuación intervén Dña Mónica Vilela, :” Non vou repetir o que xa dixeron Sandra e Carlos. Hai autónomos que teñen que cobrar e os procedementos deben de facerse. Voume abster.”

O Sr Alcalde somete a continuación o asunto a votación, que con 3 votos a favor do grupo municipal do PSOE, e a abstención do resto dos integrantes (6), o pleno acorda aprobar a proposta de alcaldía neste punto recollida a continuación:

-O levantamento con base aos motivos expostos do reparo suspenso estendido no expediente pola intervención municipal.

-Aprobar o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito número 1/2022 dentro do orzamento para o 2022, por importe de 187.243,86€, e a súa imputación ás aplicacións orzamentarias que procedan, de acordo coa relación anexa .

### **3.-DAR CONTA DECRETOS DE ALCALDIA DO 10 DE MARZO AO 10 DE XUÑO DE 2022.**

A Secretaria manifesta que se dá nesta sesión conta ao pleno das Resolucións de alcaldía dictadas entre o 10 de marzo e o 10 de xuño de 2022. O Pleno queda enterado.

### **MOCIONS DE URXENCIA.**

Non se presentan mocións nin asuntos por urxencia

### **4.-CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO. ROGOS E PREGUNTAS.**

-Dña Sandra Vilela pregunta: “ Levo un ano facendo rogos e preguntas sen que me



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

conteste. Volvo a preguntarlle: ¿ a que hora e que días está vostede no Concello?. Espero tamén que me responda, como é a súa obriga, como está o asunto da oficina para Correos?.

Acabamos de votar un punto da Orde do día no que se falou de irregularidades e de que pola súa culpa moitos autónomos levan sen cobrar moito tempo e vostede non explica ni di nada ao respecto?"

-Seguidamente intervén D Carlos Fdez: " Gustárame, agora que chega o verán, que non se vaia a repetir o caos do ano anterior de rúas pechadas sen sinalización convinte. Hai algo sobre a xestión dos aparcadoiros de Nemiña que dixeches estabas mirando?. Como vai o asunto da auga de Suxo? Como vai o asunto aprobado dun convenio con Deputación para a estrada de Leis?"

-Dna Mónica Vilela intervén a continuación : " Volvo a repetir a petición que fixen fai tempo dun espello para o alto da Rúa Saúde ao incorporarse á estrada de Lourido, pois hai moi mala visión se hai coches aparcados á dereita. Que pasa coa estrada de As Fragas?"

-O Sr Alcalde resposta: " No prazo de 15 días contestarei todas as preguntas a todos os grupos."

Ás 20:47 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, luns 27 de xuño de 2022

A secretaria, Rosa Ana García Fernández      O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña